Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Calendario

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O □Calendario das lendas□ do CEIP de Cervo para o ano 2018

Non hai moito tempo contábavos que neste curso 2017-18 a biblioteca do CEIP de Cervo (Lugo), o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e a Coordinadora do Proxecto Erasmus estaban desenvolvendo un traballo encamiñado á edición do CALENDARIO ANUAL coa temática **LENDAS ALÉN DE EUROPA**, pois forman dun Proxecto europeo ERASMUS, xunto con Rumanía, Portugal,



Lituania, Grecia, Polonia e Turquía.

Cada aula de infantil e primaria, foi elaborando unha folla do calendario, de xeito que cada mes vai dedicado a unha lenda: Covas do Rei Cintolo, Apalpador, Biosbardos, os Trasgos, Lavandeiras, Maruxaina ... e outros moitos personaxes da nosa mitoloxía popular.

O produto final é este fermoso CALENDARIO DE LENDAS que xa se difunde polos países que participan no proxecto. Parabéns ao alumnado e ao profesorado do CEIP de Cervo por agasallarnos con esta marabilla!

VER /DESCARGAR:

O Calendario das lendas do CEIP de Cervo para o ano 2018

COMENTARIOS ENVIADOS

Un traballo precioso, de seguro que cada mes do 2018 aprenderemos unha lenda de A Mariña vendo eses orixinais meses!

Enviado por María Fernández o 20/12/2017 ás 22:12:38